



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**Descrición Decreto:** Apertura prazo de entrega de documentación candidatos/as oferta de emprego peón programa de integración laboral para obras e servizos mínimos municipais.

## DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Tendo en conta as seguintes consideracións:

-Visto o parte de baixa do peón programa de integración laboral para obras e servizos mínimos municipais rexistro de entrada núm. 712 de data 10/06/2020.

-Visto que no decreto núm. 255/2019 de data 07/06/2019 polo que se aproba a Bolsa de traballo de persoal laboral temporal dous peóns e un tractorista para o programa de integración laboral en cuxa situación actual non temos candidatos/as con dispoñibilidade inmediata para a contratación.

-Vista a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Melide ( oferta 12-2020-3917) para cubrir o posto de peón de servizos mínimos municipais tendo en conta os requisitos establecidos nas bases da convocatoria aprobada por decreto de alcaldía núm. 171/2019 de data 22/04/2019, e que segundo as chamadas telefónicas realizadas aos curriculums dos candidatos/as remitidos/as pola oficina de emprego de Melide temos candidatos/as con dispoñibilidade inmediata para a contratación.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aperturar un prazo de 4 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do presente decreto no tablón de anuncios electrónico do concello e na páxina web aos seguintes candidatos/as interesados/as na oferta de emprego presentada ao Servizo Público de Emprego e calquera outro interesado/a na oferta de emprego para entrega de documentación sinalada no punto seguinte:

- JESUS ANGEL ARES LÓPEZ
- MARIA BELÉN GAREA RODRÍGUEZ
- CRISTINA LISTE PETEIRO
- JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
- MARTÍN RODIRGUEZ VEIGA



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**SEGUNDO.-** Empregar as bases da convocatoria aprobada por decreto de alcaldía núm. 171/2019 de data 22/04/2019, mediante as cales se realizará a valoración do concurso previa entrega da seguinte documentación tal como se indica nas mesmas:

- Fotocopia de DNI
  
- Fotocopia do título esixido ( certificado de escolaridade ou equivalente)
  
- Fotocopia dos méritos alegados na fase de concurso:

Experiencia profesional ou servizos prestados coa categoría de peón ( xardinería, albanería, recollida de residuos, limpeza viaria ou forestal). Acreditación mediante certificación expedida pola secretaría do concello ou entidade pública onde se teñan prestado os servizos, ou para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo.

Cursos de formación relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha Administración Pública ou entidade pública ou homologados por elas así como tamén programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas. Acreditación mediante fotocopia dos correspondentes cursos e/ou programas.

- Fotocopia Celga 2 ou equivalente.
  
- Documentos que acrediten o cumprimento das situacións previstas na Resolución da Deputación da Coruña pola que se aproban as bases do programa de integración laboral:
  
- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Acreditación mediante certificado da oficina de emprego correspondente.



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- Estar incluídos nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

Mulleres ( fotocopia DNI)

Maiores de 45 anos ( fotocopia DNI)

Persoas desempregadas de longa duración ( informe vida laboral actualizado)

Persoas con discapacidade ( fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente)

Persoas en situación de drogodependencia ou persoas que vivan nun fogar onde ningún teña emprego ou persoas con fogar monoparental ou persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais ou persoas vítimas de violencia de xénero ou persoas sen fogar ( informe dos servizos sociais municipais).

**TERCEIRO.-** Publicación do seguinte acordo tablón de anuncios electrónico do concello e páxina web aos efectos oportunos.

Decreto a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa – Presidenta

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Dou fe, o secretario

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ